



## CEIP VILAXOÁN

# O MAIO PEDICHÓN

2009



O maíño maio  
É moi pillabán  
Quere que lle metan  
Os cartos na man.

Dende o cole Vilaxoán  
Ven o maio pedichón  
Pídevos a "voluntá"  
Pra salva-la situación

Que a crise non é coña  
Sábeo a gran maioría  
Preguntade no mercado  
Ou nunha carnicería

Estanse pondo de moda  
Uns bistés de todo a cien  
Son de plástico chinés  
E non se poden comer.

Pero fardan mogollón  
Cun pouquiño de ensalada  
E ti quedas mais contento  
Que a fame hai que engañala

Pero quen mais pena dan  
Son os pobriños dos bancos  
Seica andan a pedir  
Que van a quedar sen cartos

Menos mal que o goberno  
Dalles euros a montón  
Pra que vaian ás Bahamas  
Non queden sen vacacións

Por aí hai un negrito  
Que di con resolución  
Aquí agora mando eu  
Escoitade a canción

*Yo soy aquel negrito  
Del África tropical  
Que trabajando cantaba  
La canción presidencial*

*Quiero ilusionaros  
Con un mundo mejor  
Sereis mis aliados  
Seré vuestro redentor*

*Oh oh oh OBAMA  
Oh oh oh OBAMA BIS  
Ohohoh ohoh  
Oh oh*

E mentras na nosa terra  
Tourinho foi a pescar,  
Quin non sabe que facer  
Non o queren contratar

Aquí tedes a Feijoo  
É o novo presidente  
Que mire pola terriña  
E que mire pola xente

Para o ano voltaremos  
Comprobar os resultados  
E se hai que dar uns paus  
Xa viremos nós a dalos.

Con estes temas tan serios  
A prensa do corazón  
Queda coa Duquesa de Alba  
Metidiña nun caixón

Xa nos imos retirando  
Graciñas de corazón  
Imos comer as rosquiñas  
Os do maio pedichón

**PEDICHÓN PEDICHÓN  
PEDICHÓN PEDICHÓ OH OH OHN.**

